

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ADOS E AGARYD PROMOVEN O PRIMEIRO PROGRAMA DE DOAZÓN EN ASISTOLIA CONTROLADA NO HOSPITAL CLÍNICO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO

- ***A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue e a Asociación Gallega de Anestesia, Reanimación y Terapéutica del Dolor organizan este venres unha xornada formativa para profesionais das unidades de anestesia e reanimación***

Santiago, 22 de novembro do 2018.- O Hospital Clínico Universitario de Santiago (CHUS) acolle mañá, venres 23 de novembro, unha xornada formativa de doazón en asistolia controlada organizada pola Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) e a Asociación Gallega de Anestesia, Reanimación y Terapéutica del dolor (AGARyD). Este programa formativo tenta potenciar a formación no eido da doazón de órganos en asistolia controlada dos profesionais sanitarios das unidades de anestesia e reanimación.

A inauguración deste programa formativo, que contará coa presenza da directora de ADOS; Marisa Lopez García, e da xerente de xestión integrada de Santiago de Compostela, Eloina Núñez Masid, tenta achegar coñecementos actualizados sobre a doazón en asistolia, un tipo de doazón que está a experimentar un forte impulso nos últimos anos por mor do descenso da morte encefálica (debida a accidentes de tráfico ou enfermidades cerebro-vasculares), principal causa de doazón de órganos.

Deste xeito, no pasado ano 2017, o 17% dos doazóns de órganos en Galicia procederon de doazóns en asistolia controlada, polo que desde a area da Coordinación Autonómica de Transplantes de ADOS estase a realizar un importante esforzo por mellorar a formación dos profesionais das unidades de anestesia e reanimación.

Aspectos éticos e organizativos

Ao longo da xornada de hoxe, os asistentes recibirán formación sobre distintos aspectos vinculados á doazón en asistolia controlada que serán impartidos por profesionais da Organización Nacional de Transplantes e tamén por profesionais do Servizo Galego de Saúde procedentes de distintas unidades de transplantes de Galicia.

Así mesmo, a coordinadora autonómica de transplantes de ADOS, Encarnación Bouzas Caamaño, e o presidente de AGARyD, Rafael Cabadas Aviión, serán os encargados de presentar este programa no que está previsto, no transcurso da sesión de tarde, desenvolver un taller de comunicación de malas novas, impartido pola técnico de ADOS, Marta Álvarez Vázquez.

**SAÚDOS,
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE**